



REGULAMENTO BAREMO DE ACTIVIDADES



FEDERACIÓN GALEGA DE VELA

Aprobado en Comisión Delegada 21.12.2017
Ratificado Asamblea 27.12.2017



BAREMO DE ACTIVIDADES

O Baremo de actividades da Federación Galega de Vela é o sistema que mide a actividade exercida polos clubs no ano actual, dende o 1 de Xaneiro ata o 31 de Decembro.

Esta clasificación envíase anualmente a Secretaria Xeral para o Deporte para que teñan constancia das actividades federativas de vela.

Subvención da cuota de clube do ano seguinte do 100% a o primeiro Clube con Escola homologada, do 80% a o segundo e do 50% o terceiro, segundo o Baremo de Actividades da FGV.

Tamén servirá para definir prioridades de cesión de material e concesión de regatas.

Os criterios para as actividades deportivas desenvolvidas polos clubs divididas nos seguintes apartados:

1-Licenzas Federativas: as expedidas pola FGV.

2-Ensino deportivo: Refírese aos "cursos de vela" efectuados polos clubs.

3-Competición Oficial: Regatas organizadas polo Clube.

4-Desprazamentos oficiais de deportistas: Os desprazamentos que cada un dos clubs efectuara a competicións oficiais dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, cos seus propios medios e por conta do clube.

Ademais de todo o exposto neste regulamento, será obrigatorio cumprir coa legislación vixente.

1º LICENZAS

Neste apartado cada clube puntuará según as súas licenzas federativas, sempre que foran expedidas pola Federación Galega de Vela e emitidas polo clube en cuestión:



Establécese a seguinte puntuación en función da licenza que se emita:

- 1) Escola:
 - A) Bautismo: 10 puntos
 - B) Escola: 40 puntos
- 2) Deportista: 30 puntos
- 3) Directivo: 15 puntos
- 4) Técnico:
 - A) Aspirante: 5 puntos
 - B) Nivel I ou equivalente: 20 puntos
 - C) Nivel II ou equivalente: 40 puntos
 - D) Nivel III ou equivalente: 60 puntos

2º ENSINO DEPORTIVO

Neste apartado puntúase as actividades de formación que realice o clube.

As escolas clasificaranse tendo en conta as distintas especialidades recoñecidas polo Consello Superior de Deportes e a Real Federación Española de Vela, sendo na nosa modalidade deportiva as seguintes:

- Vela Lixeira
- Cruceiro
- Táboa de deslizamento a vela
- Kieboarding ou Kitesurf
- Vela Adaptada

A puntuación según a clasificación de escolas será:

- 1) Escolas homologadas:
 - a) Básica: 1000 puntos pola primeira especialidade, 500 pola segunda e 250 polas seguintes.
 - b) Perfeccionamento: 1500 puntos pola primeira especialidade, 750 pola segunda e 375 polas seguintes.
 - c) Superior: 2000 puntos pola primeira especialidade, 1000 pola segunda e 500 polas seguintes.



2) Escolas sen homologar, sempre que cumpran coas Licenzas da FGV: 300 puntos

A consideración de escola homologada farase en función do Regulamento, en vigor, de Homologación de Escolas de Vela da FGV.

3º COMPETICION OFICIAL.

Neste apartado puntuaranse as regatas federativas de vela realizadas polo clube, sempre que se cumpran as seguintes normas:

- Que a regata sexa unha regata oficial da FGV, incluída no Calendario oficial da FGV ou recoñecida pola FGV.
- Que a regata fose desenvolvida según as indicadas no Regulamento de Competición en vigor da FGV.
- Que os participantes (regatistas, adestradores, xuíces) estén en posesión da licenza federativa correspondente en vigor na data de inicio da competición.
- Remitir os informes dentro dos prazos fixados polo Regulamento de Competición e nos impresos oficiais do Comité de Xuices ou a través da web de FGV.

Establécense diferentes puntuacións en función da categoría da regata atendendo o Regulamento de Competición da FGV en vigor:

- | | |
|--------------------------------|------------|
| - Internacionais: | 300 puntos |
| - Nacionais: | 200 puntos |
| - Copas e Campionatos Galegos: | 100 puntos |
| - Clasificadoras: | 75 puntos |
| - Autonómicas: | 50 puntos |
| - Locais: | 10 puntos |

4º DESPRAZAMENTOS OFICIAIS DE DEPORTISTAS

Neste apartado puntuase os desprazamentos que realice o clube as distintas regatas oficiais nas que tomen parte os seus equipos de regata, sempre que se fagan fora da súa localidade.

Para puntuar será necesario:

- Enviar antes dos 15 días posteriores o desprazamento por parte do clube o informe propio da FGV.



- Adxuntar unha copia ou link onde se pode descargar a clasificación.

Establécese a seguinte puntuación por día de regata:

1) Por regatista: 15 puntos

Se son menores de idade só puntuarán se teñen un adestrador adecuado a competición na que participan e cumpre cos ratios establecidos (ver Regulamento Competicións A 11). En caso de ir dous adestradores, puntuarán os dous según a súa titulación.

2) Por titulación da persona responsable na regata:

- a) Nivel III: 60 puntos
- b) Nivel II: 40 puntos
- c) Nivel I: 20 puntos

En caso de que se detecte algunha falsidade no informe remitido polo clube, cando se compare cos informes das regatas existentes na FGV, a puntuación total de ese apartado será 0 para o dito clube.